



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MANCOMUNIDADES

#### MANCOMUNIDADE DE CONCELLOS DO TAMBRE

Listaxe provisional admitidos/excluídos no proceso selectivo de 2 prazas de peón axudante de chófer (persoal laboral fixo), mediante concurso, a xornada completa, da oferta de emprego público extraordinaria 2022

##### ANUNCIO

Mediante Resolución da Presidencia núm. 23/2024, de data 4 de outubro de 2024, aprobouse a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de **2 PRAZAS DE PEÓN AXUDANTE DE CHÓFER** (persoal laboral fixo) mediante concurso, a xornada completa, da Oferta de Emprego Pública Extraordinaria 2022 (Lei 20/2021, do 28 de decembro) da Mancomunidade de Concellos do Tambre, que deseguido se transcribe:

**Primeiro.-** Aprobar a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as no proceso selectivo de 2 prazas de Peón Axudante de Chófer, persoal laboral fixo, mediante o sistema de concurso e a xornada completa:

Nome e Apellidos	DNI	ESTADO	CELGA 1
ANTONIO ESTURAO REDONDO	*****332T	ADMITIDO	NON
JOSÉ LAMEIRO ANDÚJAR	*****144A	ADMITIDO	NON

**Segundo.-** Outorgar un prazo de 10 días hábiles, a partir do día seguinte á publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, e na sede electrónica do Concello de Negreira, así como na web municipal a efectos informativos.

Quen dentro do prazo sinalado non emende os defectos xustificando o seu dereito a ser admitido, será definitivamente excluído/a do proceso.

**Terceiro.-** Os aspirantes que non xustifiquen a posesión do título acreditativo do nivel de lingua galega, correspondente á categoría ou grupo da praza á que aspiran, deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega, que en ningún caso computará como mérito. A proba de coñecemento realizarase unha vez finalizado o concurso de méritos a aquelas persoas propostas para a obtención dunha praza e non será eliminatoria.

**Cuarto.-** Facer pública esta Resolución no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, na sede electrónica e na páxina web do Concello de Negreira.

Negreira, 7 de outubro de 2024.

O Presidente

Manuel Ángel Leis Míguez

2024/7054